

O ciclo de madeira do IES de Melide crea un glosario dixital con linguaxe de signos

O catálogo ofrece, en galego e castelán, douscentos termos vinculados ao sector

NATALIA NOGUEROL
MELIDE / LA VOZ

«Temos a idea de seguilo ampliando, e incluso perfeccionado, porque a lingua de signos é igual que calquera outro idioma, non é tan pechada como se pensa, senón que está en continua evolución». Quen fala é Lola Corzo, intérprete de lingua de signos no ciclo medio de madeira que se imparte no IES de Melide, e faino acerca do glosario dixital en aberto que, dende a especialidade formativa, veñen de activar con douscentos termos do sector da carpintería e do moble, adaptados á linguaxe de signos.

A iniciativa de desenvolver a ferramenta, que se presenta en galego e en castelán a través da web iesmelide-madera.com, xurdiu da sensibilidade do profesorado do ciclo nun alumno de segundo curso con xordeira. «Son moitas horas de taller, e precisabamos ter esa pequena independencia para comunicarnos con el, aínda que Lola estea por de-

trás para corrixir», conta Javier Iglesias, un dos docentes do ciclo. E así foi como, o curso pasado, botou a andar a iniciativa, que responde aos obxectivos de crear material didáctico en galego e ao de inclusión de persoas con diversidade funcional dun programa da Consellería de Educación para o profesorado de FP.

O de madeira do instituto melidense recibiu de Lola Corzo formación sobre a lingua de signos, e sobre as dificultades laborais e formativas das persoas con discapacidade auditiva, para posteriormente facer unha selección de vocábulos vinculados coa carpintería, a tapicería, o moble, a maquinaria, a ferramenta, e os materiais. Son os seis bloques nos que se agruparon os douscentos de termos do glosario, que recolle tanto os vocábulos de uso común dentro do sector —que, como tal, xa estaban adaptados á lingua de signos— coma outros «moi específicos que houbo que crear ao igual que en calquera outro idioma», explica a intérprete.



A ferramenta web — iesmelide-madera.com — amosa o traballo que se fai na familia formativa. NOGUEROL

«É unha base boa para arrancar, tanto para o profesional do sector, como para o intérprete, os docentes, e o alumnado», engade.

Nese sentido, a experiencia resultou ser «moi enriquecedora». Para todos. A Lola Corzo familiarizouna cun oficio que, como a carpintería, «ten una terminoloxía moi abundante e específica», e ao profesorado porque, ademais dos coñecementos que adquiriron sobre a linguaxe de signos e a colectividade que o precisa para comunicarse, «hai termos moi técnicos que non estaban claros en galego», apunta Fernando López, tamén docente no ciclo medio de madeira do IES de Melide. E é que o departamento de lingua galega do centro

educativo realizou un «importante traballo de campo, preciso para identificar moito instrumental», recoñecen, como fan tamén co traballo de desenvolvemento da web, feito por Enara Varela.

Agradecementos

O agradecemento dos creadores do glosario dixital de madeira en castelán, galego e linguaxe de signos esténdese á Asociación de Persoas Xordas de Ferrol. A súa presidenta, Teresa Gallo, «facilitounos poder darlle unha derradeira volta con persoas xordas, entre as que ata se atopaba un carpinteiro», contan. Corrixíuse algún termo froito desa revisión, na que os participantes deixaron constancia da necesida-

de de «máis iniciativas coma esta, tanto para a formación, coma no ámbito laboral, porque non as hai», apunta Fernando López.

O pioneiro catálogo de termos da familia profesional de carpintería e moble, adaptado ás persoas con xordeira, xa se presentou nalgún curso do instituto de secundaria de Melide, e así se farán nas asociación de docentes e profesionais do sector, así como nos centros educativos que ofertan o ciclo formativo de madeira. O propio glosario «é unha ventá de presentación» do que se imparte no IES melidense, xa que as imaxes e os vídeos que contén amosan o traballo que fai o alumnado nun taller que, como pode apreiciarse, está moi ben equipado.